



Concello de A Mezquita

BANDO

BONOS ACTIVA COMERCIO 2024

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que se publicou o seguinte PROGRAMA por parte da Consellería de Economía, Industria e Innovación no **DOGA Nº 74 DO 15 DE ABRIL DO 2024: "BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS"**:

1. Para todas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que compren bens a través dos **bonos Activa Comercio** nos establecementos adheridos a dito plan.

Para a solicitude e obtención do bono, hai que darse de alta na web **<https://www.bonosactivacomercio.gal>** (piden nome, apelidos, localidade de residencia, maioría de idade, dni ou nie, número de telefono móbil e email). Unha vez rexistrado terás un bono cun valor de 30 €

O bono poderase solicitar a partir do día 26 de abril.

2. Así mesmo, por medio desta orde procédese á apertura do prazo de **adhesión dos comercios interesados**.

Os establecementos comerciais retallistas que desexen adherirse ao programa bonos Activa comercio deberán rexistrarse na web www.bonosactivacomercio.gal indicando a seguinte información: Nome e apelidos ou razón social, Establecemento comercial en Galicia, NIF, Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante. etc

O prazo para adherirse ao programa está aberto ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Para calquera dúbida poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.

En A Mezquita.

O ALCALDE,

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

